

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DO ANEXO I DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 15 DE XANEIRO DO 2026 POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS SELECCIONADAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR 2ª FASE

Mediante a resolución reitoral do 02 de xuño de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ para persoal docente e investigador no curso de 2025-26, no marco da acción KA131.

Detectado un erro no cálculo da contía da axuda a percibir por **María Isabel Mociño González**, debido a que se tivo en conta a cantidade de viaxe non ecolóxica en lugar de viaxe ecolóxica, de conforme coas bases da convocatoria publicadas por R.R. do 02/06/2025, e conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Modificar e incrementar o importe da bolsa concedida a **María Isabel Mociño González**, no Anexo I - "Listaxe de solicitudes seleccionadas" do seguinte xeito:

| Apelidos | Nome | Axuda individual | Motivo | Total axuda concedida |
|-------------------------|---------------------|-------------------------------------|---|-----------------------|
| Mociño González, | María Isabel | 700 € en lugar dos 560 € publicados | Fíxose o calculo de catro días en lugar de cinco días de estancia | 1375€ |

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderáse interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización
María Isabel Del Pozo Triviño





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-87f7-96ab-ac5c-6379-d1d0-8fb6-4c86-2eb9 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

